



Nº EXPTE.: EE.LL. -062/2020 – RES

CONCELLO DE REDONDELA

Asunto: Notificación da resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en relación coa convocatoria de subvencións feita pública en virtude da Orde do 5 de maio de 2020 (D.O.G. Núm. 92, do 13 de maio de 2020) – Axudas en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020 – Código do procedemento MT 975I .

Ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2020-2021 (código de procedemento MT975I) (D.O.G. Núm. 92, do 13 de maio de 2020), procédese polo presente escrito a notificarlle a resolución ditada pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, por delegación da súa Conselleira, pola que se lle **concede** ao **Concello de Redondela**, unha axuda para a realización do proxecto presentado ao abeiro da Liña subvencionable

Liña 2: actuacións destinadas á prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos destinadas a:

1º. O fomento da compostaxe in situ segundo o que se sinala de seguido:

Proxecto	Proxecto de compostaxe doméstico no concello de Redondela, “Redondela Composta”.
Gastos subvencionables considerados para o cálculo da axuda	58.950,00 €
Importe máximo de axuda concedido	58.950,00 €
Porcentaxe da subvención outorgada	100 %
Porcentaxe e contía proposta pola entidade local solicitante para cofinanciación pola súa banda	0 € (0 %)
Contía da subvención destinada á realización da campaña de difusión e sensibilización	4.132,24 €
Gastos non subvencionables	0





Imputación da subvención por anualidades		
<ul style="list-style-type: none"> Anualidade 2020 (data límite para xustificar e solicitar o pagamento: 30/11/2020) 	Importe de subvención para a anualidade 2020	53.473,80 €
	Calendario de execución	Data de inicio: 01/01/2020
		Data de fin: 30/11/2020
<ul style="list-style-type: none"> Anualidade 2021 (data límite para xustificar e solicitar o pagamento: 30/11/2021) 	Importe de subvención para a anualidade 2021	5.476,20 €
	Calendario de execución	Data de inicio: 01/12/2020
		Data de fin: 30/11/2021
Ubicación do proxecto:	Concello de Redondela	
Observacións específicas		

Segundo o establecido na orde de convocatoria antes citada, a entidade beneficiaria **dispón dun prazo de dez días para a aceptación** da axuda. Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada e dende ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A aceptación da axuda comporta a asunción das **obrigas esixibles aos beneficiarios** en virtude do contemplado no artigo 19 da Orde da convocatoria, sen prexuízo das establecidas pola normativa aplicable en materia de subvencións así como das demais condicións e obrigas establecidas pola convocatoria ou das que resulten esixibles segundo a normativa sectorial que resulte de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 23 das bases reguladoras, en relación co pagamento da subvención, **a entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento anticipado de ata un máximo do 50 % do importe concedido con cargo ao exercicio orzamentario que corresponda**, de acordo co establecido no artigo 31.6 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, no artigo 63 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007* e nesta convocatoria. Para as **subvencións concedidas con cargo á anualidade 2020**, as entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado, deberán **manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles** a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación a través da Sede Electrónica da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora á convocatoria como anexo V.





Para a **xustificación da subvención e a tramitación do pagamento da axuda outorgada procederase de conformidade co requirido nos artigos 19 a 23 das bases reguladoras.**

A solicitude do pagamento, así como a oportuna xustificación, efectuarase polo beneficiario a través de medios electrónicos e con anterioridade a que remate a data límite para cada anualidade a que se refire o artigo 20, punto 4, mediante a presentación do anexo IV que está accesible na Carpeta cidadá da entidade beneficiaria dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En particular, de acordo co establecido nas bases, lembrámoslles que:

- A **data límite para que o beneficiario faga entrega da solicitude de pagamento e da documentación xustificativa requirida** para que, por parte desta dirección xeral se poida tramitar o pagamento da axuda outorgada, é:
 - Para as actuacións subvencionables que teñan concedida subvención con cargo a anualidade 2020: **o 30 de novembro de 2020.**
 - Para as actuacións subvencionables que teñan concedida subvención con cargo a anualidade 2021: **o 30 de novembro de 2021.**
- O artigo 4 da *Orde do 5 de maio de 2020* refire os gastos subvencionables para a convocatoria á que se refire a presente resolución.
- Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda e súa xustificación consonte ao establecido, é dicir que tanto os xustificantes de gastos (facturas ou documentos análogos) como os pagos deberán estar comprendidos dentro do período subvencionable correspondente á anualidade para a que se concedeu a subvención.

Os proxectos que teñan concedida subvención ao abeiro da presente convocatoria deberán observar os **requisitos** contemplados no art. 3.2 das bases reguladoras, sen prexuízo doutros requisitos específicos requiridos atendendo ao tipo de actuación subvencionable.

En particular, aqueles proxectos que contemplen o **reparto entre a cidadanía de composteiros**, ou outro tipo de **medios complementarios** adquiridos con cargo á subvención, deberán identificar o procedemento que empregarán para a selección dos destinatarios beneficiados, segundo os principios de concorrencia, idoneidade e publicidade, así como os mecanismos en virtude dos cales asegurarán o coñecemento e cumprimento por parte destes destinatarios das obrigas de mantemento do investimento a que se refire o artigo 19, punto 11 destas bases reguladoras, debendo incorporarse ao expediente de xustificación da subvención a evidencia documental oportuna.

As entidades beneficiarias de proxectos en materia de compostaxe veñen obrigados a asumir as tarefas de seguimento e control necesarias para asegurar o establecido no punto anterior, en particular no caso





de proxectos de compostaxe doméstica que inclúan a adquisición de composteiros individuais (por medio de visitas, controis e análises da calidade do compost, establecemento de indicadores...).

A axuda que se lle notifica está **cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional** no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014 – 2020, o que esixe o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello e o Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

De xeito máis específico, cómpre sinalar que, as actuacións subvencionables están incluídas no obxectivo temático 6: Conservar e protexer o medio e promover a eficiencia dos recursos; prioridade de investimento 6.1: O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para dar resposta ás necesidades identificadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos; obxectivo específico 6.1.1: Desenvolver a separación, recollida selectiva e tratamento de residuos incluíndo accións de peche de ciclo; contemplando tanto os plans de xestión como as inversións en infraestruturas; categoría de intervención CE017-Xestión de residuos domésticos (incluíndo medidas de minimización, separación e reciclado) e actuación 6.1.1.3: Financiamento para o fomento de actuacións que contribúan ao desenvolvemento do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG 2010-2022).

O organismo que selecciona a operación e expide o DECA é a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. O Organismo Intermedio correspóndese coa Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos pertencente á Consellería de Facenda e Administración Pública, abarcando todo o ámbito da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes, mentres que a Xunta de Galicia fai as funcións de Organismo con Senda Financeira.

Condicións derivadas do cofinanciamento da axuda con fondos europeos:

O beneficiario da axuda deberá cumprir as obrigas establecidas no artigo 19 da Orde do 5 de maio pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, e en particular:

- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da mesma. A aceptación da axuda supón declarar que o beneficiario ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións.





- Manter un **sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado** en relación con todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER
- Xustificar o cumprimento das obrigas asumidas polo beneficiarios, en particular, no tocante ás **medidas de información e comunicación sobre o apoio procedente do FEDER** tanto autonómicas como comunitarias establecidas no artigo 22.4 das bases reguladoras. En particular deberá:

1) Recoñecer o apoio do FEDER á operación mostrando en tódalas medidas de información e comunicación o emblema da Unión así como unha referencia á Unión Europea e ao FEDER. Nestas medidas tamén deberá incorporarse o lema asociado ao Fondo “Unha maneira de facer Europa”.

2) Durante a realización da operación e mentres dure o compromiso de mantemento dos investimentos subvencionados deberá informar ao público do apoio obtido do FEDER, facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. Ademais, deberá colocar un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que se mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público.

Este cartel indicará o nome e o obxectivo principal da operación. Prepararase de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión de conformidade co artigo 115, punto 4 do Regulamento 1303/2013. Poderá empregarse a estes efectos o modelo que figura no Anexo III da orde da convocatoria.

Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao FEDER, de acordo co establecido no artigo 4 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014:

1. O emblema da Unión deberá figurar en cor nos sitios web. En todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.
2. O emblema será sempre claramente visible e ocupará un lugar destacado. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento empregados. En pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao FEDER.
3. Cando o emblema da Unión e a referencia á Unión e ao FEDER correspondente se presenten nun sitio web serán visibles ao chegar ao dito sitio web, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.





4. O nome “Unión Europea” sempre aparecerá sen abreviar. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu. Non se empregará a cursiva, o subliñado nin outros efectos. O corpo do tipo utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de xeito que non interfira. A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.

5. Se se exhiben outros logotipos ademais do emblema da Unión, este terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.

Utilización do logotipo da Unión Europea

O único logotipo válido é o formado polo emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea situada debaixo do mesmo.



UNIÓN EUROPEA

Se ben, como se indicaba neste epígrafe 1), en toda comunicación deberase incorporar ademais unha referencia ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e empregarse o lema “Unha maneira de facer Europa”.

A información detallada poderase consultar na Estratexia de Comunicación 2014 – 2020, dos PO FEDER e FSE Galicia dispoñible no portal web da Consellería de Facenda e Administración Pública, área temática de Planificación e Fondos, período comunitario 2014 – 2020, dispoñible no seguinte enlace:

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/informacion-e-comunicacion-2014-2020>

Coa xustificación a entidade beneficiaria deberá achegar documentación (incluída documentación gráfica ou enlaces á información difundida) de ter realizada a publicidade axeitada que xustifique ter dado cumprimento ás obrigas establecidas en materia de información e comunicación, sobre o apoio procedente dos fondos Feder. A orde de convocatoria inclúe no anexo III información útil ao respecto.

- Someterse ás **actuacións de comprobación** que efectúe o órgano concedente da axuda, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión





Europea, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do Consello.

- A tal fin, deberá **conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados**, o que significa dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e abono dos gastos e inversións subvencionables, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control, durante, ao menos, un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación.
- Someterse a actuacións de control e análise de riscos que podan efectuar a Autoridade de xestión do programa operativo e, no seu caso, os órganos competentes do Organismo Intermedio con axuda de ferramentas informáticas específicas da Unión Europea, en particular, a aplicación informática Arachne.
- Así mesmo, a entidade beneficiaria **deberá manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado** por un período mínimo de cinco anos dende o pago final, previsión que para o suposto de cofinanciamento con fondos comunitarios está recollida no artigo 71 do Regulamento (CE) núm. 1303/2013, polo que se fixan as disposicións xerais relativas ao Feder, FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20.12.2013).
- Facilitar a recollida de **indicadores de produtividade e de resultado** cuantitativos e cualitativos tras a execución do proxecto subvencionable.
- A tal efecto cómpre sinalar que o indicador de produtividade considerado é *E022 - Capacidade adicional de recollida e transporte de Residuos Sólidos Urbanos* o cal, calculado respecto da actuación subvencionable ao que se refire a presente notificación, en base á capacidade adicional de recollida que representaría o dito proxecto, da como resultado o seguinte valor: .682,26 t/ano.

O indicador de resultado asociado á operación é o R611G – Volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre a produción de residuos domésticos (%), sendo o valor de referencia para o ano 2012 (15,3)

- A aceptación da axuda implica **a aceptación da inclusión do beneficiario na Base de Datos Nacional de Subvenciones e na lista de operacións** prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 que se publicará co contido previsto no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 no seguinte sitio web:

<http://www.dgfc.sepg.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/loFEDER1420/porFEDER/Paginas/inicio.aspx>





- Tamén supón a aceptación da obriga de aplicar **medidas antifraude eficaces e proporcionadas** no seu ámbito de xestión, e cumprir coa normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.

A detección de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ó Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que podan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da UE.

- A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude da devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes xuros de demora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axuda FEDER da operación.
- Os beneficiarios das axudas deberán introducir os datos e os documentos dos que sexan responsables, así como todas as súas posibles actualizacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos de acordo coas especificacións determinadas na convocatoria de axudas, en cumprimento do artigo 122, apartado 3, paragrafo primeiro, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o artigo 10.1 do Regulamento 1011/2014, do 22 de setembro de 2014.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas* ou directamente recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto conforme ao artigo 46 da *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa*.

En caso de dúbida ou para máis información, teñen a súa disposición o seguinte teléfono de contacto: 981 54 17 47.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Residuos

Verónica Tellado Barcia
(asinado dixitalmente)

